

CONTAMOS CONTIGO?



Quen formamos o Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas da CIG?

SOMOS persoas afiliadas á CIG, de diferentes federacións e sectores, que logo dun debate amplo no seo da central sindical, confirmamos non só a necesidade de seguir afiliados/as á CIG após a xubilación para defender os nosos dereitos como xubilados/as, senón tamén a necesidade de implicarnos e manter o vínculo

coa loita polos dereitos da clase traballadora da que somos parte.

O Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas da CIG formámolo persoas xubiladas das distintas federacións que forman o sindicato, que seguimos afiliados e afiliadas porque é a mellor maneira de defender o que tanto nos custou gañar.

Súmate ao Colectivo de Xubilados/as da CIG!

Loitemos polos nosos dereitos!



COLECTIVO DE XUBILADOS/AS E PENSIONISTAS

VASTE XUBILAR?



COLECTIVO DE XUBILADOS/AS E PENSIONISTAS

CONTINÚA A LOITA NO COLECTIVO DE XUBILADOS/AS E PENSIONISTAS DA CIG!



Por que continuar afiliado/a á CIG logo de xubilarse?

Hai moitas razóns, a primeira é que colectivamente seguiremos a loitar, xunto co resto da afiliación, por moitas cuestións que nos afectan directamente, e dun xeito máis directo ao chegar á idade de xubilación, entre outras:

- Loitar polas nosas pensións, que cada ano seguen a perder poder adquisitivo, e igualmente polas pensións de quen virán despois (pois aí están os nosos fillos e fillas e os nosos netos e netas) para conseguir que todas as persoas teñamos unhas pensións dignas.
- Defender unha asistencia sanitaria adecuada para as persoas maiores con citas médicas presenciais e non telefónicas, e sen listas de agarda nin derivacións á privada. Unha sanidade pública, gratuíta e de calidade, para as persoas maiores.
- Defender uns servizos públicos de xestión directa e adecuados para a atención a persoas maiores cando o necesiten (residencias, centros de día...). Unha atención á dependencia debidamente orzamentada. Co actual modelo privatizador do PP a maior parte dos recursos son privados e moi caros, e coas pensións que temos na Galiza, que seguen a ser das máis baixas do Estado (e as das mulleres aínda máis) non dá para pagalos e dependemos das nosas familias.

Pero non só iso, se continúas afiliado/a á CIG sumas colectivamente para a defensa dos dereitos da clase traballadora e do noso país, xa que a CIG sempre estará nas rúas loitando pola maioría social, as clases populares, o pobo que sofre as agresións do capital e do imperialismo.

Ademais, como persoa xubilada, as túas cotas sindicais son máis reducidas, e seguirás mantendo os dereitos que tés como persoa afiliada (asesoramento, participación, plan de axuda alimentar, declaración da renda...).

